



# **UNHA APROXIMACIÓN HISTORIOGRÁFICA Á ESCRITURA DA CRUZADA DOS NENOS**

Grao en Historia

Laura Diz Mejuto

Director Israel Sanmartín Barros, Departamento de Historia Medieval

Curso 2024/2025

## Índice

Introdución .....	3
1. Que foi a Cruzada dos Nenos.....	4
2. Historia e escritura da Cruzada dos Nenos .....	9
2.1. Debates historiográficos en torno á Cruzada dos Nenos .....	9
2.2. A escritura da Cruzada dos Nenos na Idade Media e Moderna.....	14
2.3. A escritura da Cruzada na Ilustración e Idade Contemporánea .....	17
3. A Cruzada dos Nenos a través da literatura e prensa .....	21
4. A veracidade da Cruzada dos Nenos .....	25
Conclusións .....	30
Bibliografía.....	32
Anexos.....	36

**Resumo:** O presente traballo busca analizar como se conformou a escritura da Cruzada dos Nenos dende a súa aparición nas crónicas medievais ata as representacións máis actuais. Con este obxectivo, encadrarase dito acontecemento na evolución da guerra santa e no devir de cruzadas coetáneas ó mesmo. Tamén se estudarán as distintas interpretacións relativas á súa orixe e composición social. Igualmente analizarase a visión que se ten desta Cruzada no ámbito non académico.

**Resumen:** El presente trabajo busca analizar cómo se conformó la escritura de la Cruzada de los Niños desde su aparición en las crónicas medievales hasta las representaciones más actuales. Con este objetivo, se encuadrará dicho acontecimiento en la evolución de la guerra santa y en el devenir de las cruzadas coetáneas al mismo. También se estudiarán las distintas interpretaciones relativas a su origen y composición social. Igualmente se analizará la visión que se tiene de esta Cruzada en el ámbito no académico.

**Abstract:** The present work look for analyse how formed the writing of the Children's Crusade since its appearance in medieval chronicles until most recent representations. With this objective, it going to frame this event in the evolution of holy war and in the development of coetaneus crusades. It going to also study the differents interpretations about its origin and social composition. It going to analyse equally the vision of this crusade in the not academic fields.

**Palabras chave:** cruzada, Cruzada dos Nenos, historiografía, Inocencio III, Alberic de Troisfontaines, historia medieval.

**Palabras clave:** cruzada, Cruzada de los Niños, historiografía, Inocencio III, Alberic de Troisfontaines, historia medieval.

**Keywords:** crusade, Children's Crusade, historiography, Innocent III, Alberic de Troisfontaines, medieval history.

## Introdución

O presente traballo analiza como se conformou a escritura da Cruzada dos Nenos dende a súa aparición nas crónicas medievais ata os estudos máis actuais. Con este obxectivo, comentaremos a súa situación no contexto histórico das cruzadas e observaremos a evolución da súa escritura, así como os debates historiográficos que xerou.

Se ben o acontecemento orixinouse no ano 1212 nas actuais Francia e Alemania, os rexistros medievais que del se conservan abarcan un marco máis amplo, tanto cronolóxico como xeográfico. No primeiro caso débese a que aparecen integrados en crónicas escritas con posterioridade. Por este motivo, a documentación máis antiga data do 1220. Respecto ó marco xeográfico, atopámola en crónicas non só francesas e alemás, senón tamén italianas, nas que está moi presente esta expedición. Aínda así, as que máis empregaremos serán as dos franceses Alberic de Troisfontaines e Vincent de Beauvais, ademais da do británico Matthew Paris.

Centrarémonos sobre todo en estudos máis contemporáneos. Estes buscan dar resposta a problemáticas centradas especialmente na orixe ou na composición social desta cruzada. Igual que acontece coas crónicas, estas obras non se limitan ós ámbitos francés e alemán, senón que entre a historiografía sobre a Cruzada dos Nenos podemos atopar, entre moitos outros, ó holandés Peter Raedts ou ós estadounidenses Dana Munro e George Zabriskie Gray. Estes serán algúns dos autores ós que máis recurriremos, ademais doutros como Paul Alphandéry, Norman Zacour ou, especialmente, Gary Dickson con *The Children's Crusade. Medieval History, Modern Mythistory* (2008). O interese destas obras contemporáneas reside principalmente no planteamento de problemáticas e o debate que orixinan ó intentar darlles solución. Aínda así, faremos tamén un percorrido por como se escribiu sobre a Cruzada dos Nenos na Idade Moderna e principios da contemporaneidade, destacando os casos de Joseph Michaud (1811-1822) ou Charles Mackay (1841). As obras ás que recorreremos encádranse entre os séculos XIII e XXI. Se ben a boa parte pertencen a autores franceses, destacan outras aportacións como as de Gray ou Raedts.

O traballo divídese en catro apartados. No primeiro, contextualizaremos a Cruzada dos Nenos na evolución da guerra santa. Tamén explicaremos o relato que chegou ata a actualidade sobre a Cruzada de 1212. No segundo apartado analizaremos os diversos debates historiográficos que xiran ó seu redor. Faremos un percorrido sobre a evolución da súa escritura dende época medieval ata os escritos máis actuais. Mencionaremos ademais o seu simbolismo á hora de establecer analoxías con outros acontecementos. Este tema retomarase no terceiro apartado, mais agora enfocándoo dende o punto de vista da literatura e prensa. Comentaremos igualmente o interese que a Cruzada dos Nenos esperta nestes dous ámbitos orientados a un público máis amplo, non académico. No último apartado veremos o debate sobre se foi ou non unha cruzada, así como os argumentos cos que se pretende deducir que foi real e que foi lendario na Cruzada dos Nenos.

## **1. Que foi a Cruzada dos Nenos**

Para comezar, temos que remontarnos ás peregrinacións a Terra Santa. Dende a conquista de Xerusalén polos musulmáns no 1009, víronse transformadas en expedicións organizadas e armadas. Estas son consideradas o precedente das cruzadas. A partir do chamamento do papa Urbano II no 1095 coa intención de recuperar Xerusalén, naceu a idea da cruzada, como unha unión entre a peregrinación ós Santos Lugares e a guerra santa para liberar os mesmos. Foise institucionalizando mediante ritos litúrxicos, tamén nos lugares de procedencia dos combatentes. Conseguiáse así que toda a poboación participase na cruzada aínda que fose de forma simbólica<sup>1</sup>. A Igrexa difundiu desta maneira a idea de que a cruzada afectaba a toda a poboación.

O papado non tardou en empregar as cruzadas como instrumento contra os seus inimigos. Polo tanto, case desaparecía o seu vínculo coa recuperación de Xerusalén. Mais este non foi esquecido polas clases populares. Orixináranse así as “cruzadas populares”, movementos de masas que retomaban a intención de recuperar Xerusalén mediante a humildade e penitencia. Froito dun brote espontáneo de entusiasmo

---

<sup>1</sup> Maier, Christoph, “Crisis, Liturgy and the Crusade in the Twelfth and Thirteenth Centuries”, *Journal of Ecclesiastical History*, Vol. 48, nº4, 1997, p. 638.

colectivo, convertéronse nunha reacción crítica ante a actuación da Igrexa e laicos<sup>2</sup>. Algúns autores non as consideran cruzadas por non contar coa aprobación do papado. Pero outros defenden que foron a continuidade do verdadeiro espírito das cruzadas<sup>3</sup>. Hai historiadores que falan dun rexurdimento das cruzadas<sup>4</sup> iniciado pola Cruzada dos Nenos. Esta é considerada por Gary Dickson a primeira cruzada popular<sup>5</sup>, argumentando que a Cruzada Popular de Pedro o Ermitaño de 1096 fora unha reacción ó chamamento de Urbano II, e que ademais estivera dirixida por clérigos e cabaleiros.

Respecto á Cruzada dos Nenos, houbo un movemento en Francia e outro en Alemania, se ben en moitos casos ambos se confunden e se consideran un só. Paul Alphandéry e Alphonse Dupront defenden que se debe analizar o fenómeno no seu conxunto, sen distinguilas<sup>6</sup>. Algúns autores considéranos un único movemento pero con dúas fases<sup>7</sup>. Ambas diferenciaríanse porque a alemá estaría constituída por diversas idades e condicións sociais. O movemento alemán sería polo tanto unha verdadeira cruzada popular<sup>8</sup>. Se ben hai discrepancias sobre cal dos dous foi o inicial, a maioría dos autores coinciden en sinalar o francés, aínda que outros, como Hans Mayer<sup>9</sup> ou Peter Raedts<sup>10</sup>, localizan a súa orixe na zona de Renania ou Colonia. O seus participantes non levaban armas, senón cruces e bastóns mentres marchaban en procesión. Portar estes símbolos de peregrinos puido propiciar que se lles considerase cruzados<sup>11</sup>. Ademais, o termo “peregrinus” podía designar tanto a un peregrino como a un cruzado, de aí denominación “peregrinatio puerorum” coa é coñecida<sup>12</sup>.

---

<sup>2</sup> Flori, Jean, *Las cruzadas*, Universidad de Granada, Granada, 2010, pp. 162-163

<sup>3</sup> *Ibid.* pp. 162-163.

<sup>4</sup> *Ibid.* pp. 162-163.

<sup>5</sup> Dickson, Gary, *The Children's Crusade. Medieval History, Modern Mythistory*, Palgrave Macmillan, Hampshire, 2008, p. 127.

<sup>6</sup> Alphandéry e Dupront, *La Cristiandad y el concepto de Cruzada*, p. 88.

<sup>7</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, p. 84.

<sup>8</sup> *Ibid.* p. 84.

<sup>9</sup> Mayer, Hans, *Historia de las Cruzadas*, Istmo, Madrid, 2001, p. 286.

<sup>10</sup> Raedts, Peter, “The Children's Crusade of 1212”, *Journal of Medieval History*, Vol. 3, n14, 1977, p. 279.

<sup>11</sup> Dickson, Gary, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, *Bibliothèque de l'école des chartes*, Vol. 153, n°1, 1995, p. 59.

<sup>12</sup> *Ibid.* p. 58.

A Cruzada de Nenos francesa iniciouse entre Pascua e Pentecostés de 1212. Un neno de doce anos chamado Étienne ou Stephen, un pastor de Cloyes, regresou ó seu pobo tras participar nunha das procesións a favor da cruzada na Península Ibérica. Entón aparecéuselle Cristo baixo a aparencia un pobre peregrino. Entregoulle unha carta que debía levar a Felipe II de Francia. Esta aparición foi preludiada por un milagre cando as ovellas de Étienne intentaron fuxir pero se axeonllaron ante el para pedir perdón. Durante o traxecto cara Saint-Denis uníronselle máis nenos e pastores. Moitos escaparan das súas casas tras intentos das familias por detelos, aspecto no que incide o cronista Matthew Paris. Entre eles había nenos ós que se lles atribuían milagres, que eran coñecidos como “profetas menores”. De aí a interpretación, de Gary Dickson<sup>13</sup>, de que estes grupos de nenos formarían un colectivo, sobresaíndo o liderazgo de Étienne.

A carta apremaba a Felipe II a iniciar unha nova cruzada. O rei optou por consultar ós mestres da Universidade de París sobre como proceder. A intención do monarca era poñer fin ó movemento, mais temía que, ó ser considerada un mandato divino, a súa actuación fose vista como unha oposición á Igrexa<sup>14</sup>. Finalmente, ordenoulles regresar ás súas casas. A maioría das versións coinciden en que seguiron este mandato, rematando así o movemento. Mais outras afirman que marcharon cara o Mediterráneo. A expedición alcanzou entre os 30 000 e 15 000 participantes, entre eles outros grupos que eran excluídos das cruzadas. Tamén xentes que roubaron a caridade que obtiñan. Todos recoñecían a Étienne, quen viaxaba nun carro custodiado por nenos de ascendencia nobre, como líder e mestre, rendéndolle devoción e santificándoo. Se ben o pobo non tardou en mostrarlles o seu apoio, contaron en xeral coa oposición do clero. A súa negativa puido fomentar o anticlericalismo dos laicos<sup>15</sup>, sobre todo ante a crenza de que esta cruzada respondía a un mandato divino. Esta tensión provocou algúns episodios violentos, destacando o de Santi-Quentin. Pero non se produciron episodios antisemitas, como noutras cruzadas populares<sup>16</sup>.

---

<sup>13</sup> *Ibid.* p. 85.

<sup>14</sup> Gray, George Zabriskie, *The Children's Crusade. An episode of the thirteenth century*, Hurd y Houghton, Boston, 1870, p. 50.

<sup>15</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, pp. 80-81.

<sup>16</sup> Raedts, “The Children's Crusade of 1212”, p. 205

Segundo o cronista Matthew Paris, todos pereceron en terra ou mar. O relato máis detallado é o que ofrece Alberic de Troisfontaines. Narra que partiron dende Vendôme en busca do mar, pois Étienne predicara que se abriría ante eles para que puidesen cruzar cara Terra Santa. En Marsella tal milagre non se produciu. Algúns regresaron ós seus lugares de orixe. Os que non, obtiveron a axuda de dous mercaderes, Hugues Ferreus e Guillaume Porcus, que lles proporcionaron sete barcos. Non se volveu a saber dos nenos ata que en 1230 chegou a Francia un home que dicía ser un deles. Segundo a súa narración, ós dous días unha tormenta fixo naufragar a dous dos barcos preto de Cerdeña, afogando todos os seus pasaxeiros. O resto dirixíronse a Alejandría e Bougie, onde os nenos foron vendidos como escravos. O califa comprou a catrocentos deles, todos clérigos, entre os que se atopaban oitenta sacerdotes. Dezaoto dos nenos foron martirizados en Bagdad por príncipes sarracenos, morrendo todos sen querer apostatar.

O papa Gregorio IX mandou construír na súa memoria unha igrexa na illa de San Pietro, alí onde naufragaran. Adicada ós Novos Inocentes, nela custodiábanse os corpos incorruptos dos nenos que o mar devolvera e que se mostraban ante os peregrinos. Os dous mercaderes marselleses foron aforcados por conspirar cos sarracenos para capturar ó emperador Federico II. De Étienne non se volveu a saber. Por outro lado, poucas veces se teñen en conta as consecuencias sociais e económicas deste movemento, recollidas por Gary Dickson<sup>17</sup>. Considera esta expedición como unha migración de grupos desfavorecidos. Tamén resalta que proporcionou man de obra barata ás cidades marítimas mediterráneas. Ademais, a chegada a Saint-Denis permitiulles coñecer as ventaxas de migrar a París.

No que respecta á Cruzada dos Nenos alemá, foi liderada por outro neno de doce anos, Nicolás de Colonia, a quen un ano lle encargou que liberase Xerusalén. Algúns autores consideran que estivo detrás o pai de Nicolás, que, con malas intencións, intentou que seguise o exemplo de Étienne facéndolle crer que era un mandato de Deus. Foi predicar a Colonia, reunindo unha multitude de nenos que partiu de Renania na primeira quincena de xullo. Outra versión di que partiron dous grupos, un guiado por Nicolás. Este portaba unha cruz tau grega. A eles uníronselles persoas adultas. Tería un

---

<sup>17</sup> Dickson, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, p. 57.

carácter menos procesional que a cruzada francesa<sup>18</sup>. Tamén se produciron enfrontamentos locais semellantes ós de Saint Quentin. A pesar disto tiña un carácter pacífico, pretendendo recuperar Xerusalén mediante a conversión dos musulmáns.

Cruzaron os Alpes e chegaron a Italia. Moitos pereceron, regresaron ou foron retidos como servos por onde pasaban. Chegaron a Génova 7 000 cruzados. Nesta cidade non se lles permitiu quedarse máis dunha noite, excepto a aqueles que se convertesen en cidadáns. Temíase que provocasen disturbios ou fame, dada a falta de recursos suficientes. Outro dos motivos foi o enfrontamento entre o emperador e o pontífice, apoiando Génova a este último. Preocupaba que a expedición fose enviada polo emperador ou que o papa considerase que Génova estaba albergando ós seus inimigos.

Como mar non se abría, dividíronse e seguiron distintos destinos. Algúns regresaron a Renania, falecendo a maioría. Outros quedaron a vivir en Italia. A maioría dos pertencentes a familias nobres foron acollidos en Génova. Outros dirixíronse a cidades costeiras. Non se coñece o destino da maioría destes últimos. Crese que algúns conseguiron embarcar con finais diversos, entre eles ser vendidos como escravos. Ós que chegaron a Brindisi, o bispo negoulles o permiso para ir a Terra Santa para evitar que caesen en mans de traficantes de escravos. O mesmo fixo o papa Inocencio II cos que foron a Roma, pero tampouco revocou o voto da cruzada, obrigándoos a participar noutra cando fosen maiores, coa excepción dos anciáns e de aqueles que se comprometeran sen ter a “idade da discreción”, é dicir, que eran demasiado pequenos. Algúns dos nenos cumpriron con posterioridade o voto de cruzados. Este puido ser o destino de Nicolás, quen loitaría en Damietta durante a Quinta Cruzada. Outros escritos afirman que morreu no traxecto cara Italia, mentres que noutros aclárase que non sabe que foi del. Ó saberse en Colonia o destino dos nenos, aforcaron ó pai de Nicolás, pois tería un acordo con traficantes de escravos.

Este movemento foi visto como un desafío á autoridade eclesiástica e parental, como unha ruptura á orde social e tradicional<sup>19</sup>. Provocou sorpresa na Igrexa, que ata entón

---

<sup>18</sup> *Ibid.* p. 264.

non tiña en conta o sentimento relixioso do campesiñado<sup>20</sup>. Unha proba é a frase atribuída a Inocencio III, quen tería afirmado que eses nenos os avergoñaban, pois corrían a liberar Terra Santa mentres eles (os poderosos) durmían. Ademais, o pontífice empregouna para promover unha nova cruzada en 1213. A partir de entón, nas predicacións das cruzadas tomouse conciencia do papel que xogaba o entusiasmo popular.

## **2. Historia e escritura da Cruzada dos Nenos**

A continuación explicaremos as diversas interpretacións sobre aspectos referentes á orixe desta cruzada ou á composición social dos seus participantes. Tamén faremos un percorrido sobre os distintos escritos que se coñecen sobre ela, dende as crónicas contemporáneas ata as obras máis actuais.

### **2.1. Debates historiográficos en torno á Cruzada dos Nenos**

Comezaron pola orixe da Cruzada dos Nenos, estivo vinculada á reacción popular provocada polo desinterese por recuperar Xerusalén. Isto non implica que cesasen as cruzadas, pois estas empregáronse como instrumento contra os inimigos do papado. No propio contexto de 1212 estábanse producindo unha contra os cátaros e outra contra os musulmáns da Península Ibérica. Os focos de orixe da Cruzada dos Nenos, dos que adoitaban proceder expedicións cruzadas, víronse afectados polas campañas de recrutamento para participar nelas. Para pedir axuda divina coa que vencer, Inocencio III promoveu procesións. Numerosos autores, entre eles Alphandéry, Gray, De Janssens e Dickson, consideran estas procesións como o punto de partida da Cruzada dos Nenos. Sobre todo sabendo que se celebraron nos meses previos á batalla de Navas de Tolosa. Unha delas sería á que Étienne asistiu antes de presenciar a aparición.

---

<sup>19</sup> Sheffler, David, “Myths of Innocence: The making of the Children’s Crusade” en Andrea, Alfred e Holt, Andrew (eds.), *Seven myths of the crusades*, Hackett Publishing Company, Indiana, 2015, p. 103.

<sup>20</sup> Dickson, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, p. 57.

Autores como Paul Alphandéry<sup>21</sup> remóntanse máis atrás, situando como precedente ás compañías de penitentes. Estarían formadas tanto por adultos como por nenos, aínda que algunhas estiveron compostas unicamente por estes últimos. Procedían do norte de Francia, Borgoña e Normandía. Dende mediados do século XII, formaban procesións que colaboraban na construción e restauración de edificacións relixiosas. Crese que por iso as crónicas identificaron ós nenos de 1212 con estes penitentes construtores.

A Cruzada dos Nenos foi tamén vinculada co culto ós Santos Inocentes por autores como Paul Alphandéry, Hans Mayer o Gary Dickson. No século XI, coa idea de que a Igrexa terrenal era unha imaxe da Igrexa Celestial, os Santos Inocentes foron identificados cos nenos cristiáns. Xurdiu así unha celebración na que, cada 27 de decembro, o día previo á festividade, os nenos elixían a un bispo entre eles e protagonizaban unha procesión. Ó día seguinte, ese bispo oficiaba unha misa e os outros nenos actuaban como canónigos. En relación con este culto atopábanse as procesións dos Inocentes. Algunhas adquirían unha dimensión ritual, como é o caso dos penitentes de Saint-Pierre-de-Dive, que exhiben ante o altar dos Inocentes o sangue dos seus ombros<sup>22</sup>. Segundo Alphandéry, a Cruzada dos Nenos consistiu en realidade nunha procesión dos Inocentes que tiña como obxectivo recuperar Xerusalén<sup>23</sup>.

Os nenos de 1212 foron así identificados cos Santos Inocentes. Estendeuse a idea de que os nenos eran os elixidos para liberar Terra Santa, pois a súa inocencia convertíalos nos máis puros. Eran os “Novos Inocentes”. Esta é tamén a devoción que recibe a igrexa fundada por Gregorio IX no lugar no que afogaran algúns dos nenos que partiran dende Marsella. Dita identificación explícase tamén porque os nenos desta cruzada eran as primeiras vítimas, que se sacrificarían pola salvación da cristiandade<sup>24</sup>, igual que os Inocentes da Natividade. Segundo Alphandéry e Dupront, é este o motivo que explicaría que a cruzada de 1212 se iniciase entre Pascua e Pentecóstes, xa que a Pascua é considerada a festa do sacrificio<sup>25</sup>. Alphandéry<sup>26</sup> remite tamén a un pasaxe bíblico que

---

<sup>21</sup> Alphandéry, “Les croisades d’enfants”, pp. 272-273.

<sup>22</sup> Alphandéry, “Les croisades d’enfants”, p. 275.

<sup>23</sup> *Ibid.* p. 276.

<sup>24</sup> Alphandéry e Dupront, *La Cristiandad y el concepto de Cruzada*, p. 101.

<sup>25</sup> *Ibid.* p. 101.

narra como, na noite de Pascua, os hebreos marcaron a súa porta cun símbolo que na Idade Media se identificou coa Tau grega. Este é o símbolo que, segundo as crónicas, portaba Nicolás de Colonia.

Non é a primeira vez que aparecen nenos na historia das cruzadas. Destaca Nicolás o Peregrino, canonizado por Urbano II en 1099. Dirixía a outros nenos portando unha estraña cruz na man. Crese que a súa lenda puido influenciar a Nicolás de Colonia, quen tamén guiou a súa expedición cunha cruz tau grega. Próbese así a noción da infancia que se tiña na Idade Media, como unha forza milagrosa<sup>27</sup>. Os nenos de 1212 imitarían polo tanto ós grupos que marchaban ás cruzadas, igual que os nenos en xeral intentaban emular ós adultos para desempeñar diversas labores<sup>28</sup>. Isto tamén se pode vincular co carácter simbólico do número doce, idade dos nenos que lideraban esta cruzada segundo as crónicas. Este número está vinculado, entre outras cuestións, co episodio bíblico no que Xesús, sendo neno, desaparece en Xerusalén ata que os seus pais o atopan no templo. Este acontecemento significaba o paso da infancia de Cristo á súa madurez<sup>29</sup>.

Un dos principais debates é o relacionado coa composición social dos participantes. Máis concretamente, se foron só nenos, feito que autores como Raedts ou Dickson poñen en dúbida. Un dos argumentos reside en que as crónicas que mencionan a idade de doce anos son tardías<sup>30</sup>. Outro é o significado do termo “pueri”, o empregado polos cronistas. Se ben este concepto é traducido por “neno”, os autores máis cercanos ós feitos engloban dentro del a campesiños e persoas pobres. Partindo deste principio, Raedts consideraba que o termo “pueri” perdera o seu significado de idade, aludindo a unha condición social na que se englobarían os grupos máis baixos<sup>31</sup>. Estes individuos non terían nada que herdar, polo que non poderían contraer matrimonio. O matrimonio era o que convertía a unha persoa en adulta a ollos da sociedade medieval, polo que estas persoas serían “pueri”, “nenos”, independentemente da súa idade<sup>32</sup>. Dickson<sup>33</sup>

---

<sup>26</sup> Alphanbéry, “Les croisades d’enfants”, p. 278.

<sup>27</sup> *Ibid.* p. 267.

<sup>28</sup> Dickson, *The Children’s Crusade*, p. 35.

<sup>29</sup> *Ibid.* p. 134.

<sup>30</sup> Raedts, “The Children’s Crusade of 1212”, p. 296

<sup>31</sup> *Ibid.* p. 297

<sup>32</sup> Dickson, *The Children’s Crusade*, p. 33-34

rexeita en parte esta argumentación, se ben admite que a denominación de “Cruzada dos Nenos” é simplificador. Para este autor, trataríase dun movemento campesiño, conformado por persoas de diversas condicións sociais. Argumenta que, segundo as crónicas, esta cruzada estivo composta por “pueri” e “puellae” (“nenas”), engadíndoselles despois outros grupos de idade. Polo tanto, non estaría composta exclusivamente por nenos, mais estes si destacarían sobre o resto dos grupos. Ademais destes argumentos, hai que ter en conta que Inocencio III non revocou os votos da cruzada. A única excepción foron os anciáns e os nenos que aínda non chegaran á “idade da discreción” e, polo tanto, ignoraban a que se comprometeran. Nesta época, a idade a partir da cal o xuramento era vinculante era de catorce anos para os nenos e doce para as nenas<sup>34</sup>. No que si coinciden todos os autores é na súa baixa condición social, véndose obrigados a pedir caridade no traxecto. Algunhas crónicas si mencionan a presenza de membros de grupos sociais máis altos, pero resaltando a súa xuventude.

No que respecta a como e cando se orixinou a cruzada, non hai consenso nin nas crónicas nin entre autores máis recentes. Algúns escritos sitúana no 1213, se ben a data máis aceptada é 1212. Tampouco coinciden no lugar, defendéndose maioritariamente que a expedición francesa foi a inicial, aínda que autores como Zacour, Raedts ou Mayer optan pola alemá. Un dos argumentos de Zacour baseáse no continuador anónimo da crónica de Colonia. Esta afirmaba que os alemáns marcharon entre Pascua e Pentecostés, mentres o inicio do movemento francés sería despois de Pascua<sup>35</sup>.

Entre os propios cronistas, predominan as teorías sobre a orixe máxica desta cruzada. Se bens algúns autores afirmaban que foi iniciada por actuación divina, a maioría optan por unha influencia diabólica. Arguméntano dicindo que o seu fracaso se debía a que Deus non estaba presente, polo que tería que ser obra de Satanás. Dentro desta postura, non concordan en se foi obra do propio diablo, dos musulmáns ou dunha figura lendaria coñecida como o Vello da Montaña. Vincent de Beauvais, o cronista que difunde esta última teoría, afirmaba que o Vello da Montaña, o xefe da secta de Asasinos, tiña dous clérigos apresados e prometéralles libéralos a cambio de que lle levasen nenos

---

<sup>33</sup> *Ibid.* pp. 33-34.

<sup>34</sup> Raedts, “The Children’s Crusade of 1212”, p. 296

<sup>35</sup> Dickson, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, p. 61.

franceses, pois adestraba ós membros da súa secta dende a infancia. Por outro lado, Roger Bacon consideraba que esta expedición era obra dun “home maligno”, que el comparou co Mestre de Hungría da Cruzada dos Pastorcillos de 1251. Matthew Paris considerou que este fora previamente un líder da Cruzada dos Nenos. Noutras ocasións, este “home maligno” foi identificado co flautista de Hamelín<sup>36</sup>.

Segundo algúns cronistas, a orixe excepcional da Cruzada dos Nenos estaría explicada polos acontecementos milagrosos que a precederon. A Crónica de Saint Médard afirma que, cincuenta ou sesenta anos antes desta cruzada, cada dez anos, peixes, ras, bolboretas e aves partían igual que os nenos. Ademais, un gran número de cans reuníronse nun castelo en Champagne, dividíronse en dous grupos e loitaron entre si; igual que os nenos, case todos morreron e poucos retornaron. Desta forma, asimílese a partida de nenos cunha migración animal. Aquí entra de novo a lenda do flautista de Hamelín, na que a migración das ratas prefigura a migración dos nenos<sup>37</sup>. Por outra parte, a crónica de Mortemer considerou á Cruzada dos Nenos como unha predicción dos acontecementos de 1213, a predicación da Quinta Cruzada<sup>38</sup>.

A orixe da Cruzada dos Nenos é analizada dende distintos puntos de vista por autores posteriores. Charles Mackay fala de que as cruzadas orixinábanse a partir dunha loucura causada por cuestións políticas, relixiosas ou ambas. Serían unha proba do entusiasmo popular levado ó extremo<sup>39</sup>. Gary Dickson considera o movemento de 1212 como a proba dunha crise militar ou relixiosa. Argumenta partindo de que os cambios que teñen lugar no ámbito campesiño débense á fame, guerra ou peste, pero ningún destes elementos está presente no contexto desta cruzada<sup>40</sup>. Por outro lado, Zaborov<sup>41</sup> ve os inicios desta cruzada nunha situación difícil para o campesiñado, provocada polas guerras. No caso da cruzada alemá, especifica que se debeu tamén ó interese dos traficantes de escravos cando viron o resultado da expedición francesa.

---

<sup>36</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, pp. 141-142.

<sup>37</sup> Alphanbéry, “Les croisades d'enfants”, pp. 269-270.

<sup>38</sup> Munro, Dana, “The Children's Crusade”, *The American Historical Review*, Vol. 19, nº3, 1914, pp. 519-520

<sup>39</sup> Mackay, Charles, *Extraordinary Popular Delusions and the Madness of Crowds*, L. C. Page&Company, Boston, 1852, p. 354.

<sup>40</sup> Dickson, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, pp. 60-61.

<sup>41</sup> Zaborov, Mijail, *Historia de las cruzadas*, Akal, Madrid, 1985, pp. 195-197.

Por último, algúns autores atribúenlle un carácter milenarista. Norman Housley considera que foi o estalido de entusiasmo apocalíptico máis significativo dende a Primeira Cruzada<sup>42</sup>. Segundo Norman Cohn, as cruzadas propiciaron a aparición de movementos mesianistas populares, como sería o caso da Cruzada dos Nenos<sup>43</sup>. Outra interpretación considera esta cruzada como un sacrificio escatolóxico por parte dos nenos, orixinado por un brote de histeria colectiva<sup>44</sup>. Alphandéry, en cambio, menciona que durante o contexto da Cruzada dos Nenos mantíñase a crenza de que o Anticristo estaba preto e quen sufrise por el converteríase en mártir<sup>45</sup>. Raedts rexeita esta afirmación, negando calquera carácter apocalíptico desta expedición<sup>46</sup>. Baseáse en que os movementos milenaristas buscaban acabar cos partidarios do Anticristo. Estes eran identificados cos xudeus e, dende o século XIII, cos clérigos, pero non hai evidencias de que na Cruzada de 1212 se exercese violencia contra estes grupos.

## 2.2. A escritura da Cruzada dos Nenos na Idade Media e Moderna

No que respecta ós escritos que conservamos sobre a Cruzada dos Nenos, hai que ter en conta a falta de obxectividade dos autores contemporáneos ós feitos. A maioría deles eran clérigos e mostraban a súa indignación ou burla cara esta expedición. Rexeitábana por considerala unha ruptura coa orde tradicional, como é o caso dos *Annales Marbacenses*. Son poucos os que tratan a narración dende unha perspectiva neutral. Algúns admiraron o entusiasmo dos nenos, pero a maioría considerárono perigoso.

Algúns cronistas rexistran o paso de cruzados campesiños por diversas cidades. Permítese así recrear o percorrido que seguiron. Pola contra, tamén podemos atopar escritos de lugares afastados, polos que estes cruzados non pasaron. Estes son copias doutras crónicas, ás que se lles engadían detalles imaxinarios ou erráticos. Nestes casos, hai que dubidar da súa fidelidade. Tal é o caso da crónica de Jean d'Ypres (século XIV),

---

<sup>42</sup> Housley, Norman, *Fighting for the Cross. Crusading to the Holy Land*, Yale University Press, London, 2008, p. 200.

<sup>43</sup> Cohn, Norman, *En pos del Milenio*, Alianza Editorial, Madrid, 1981, p. 88.

<sup>44</sup> Bird, Jessalynn; Peters, Edward e Powel, James (ed.), *Crusade and Christendom: annotated documents in translation from Innocent III to the fall of Acre, 1187-1291*, University of Pennsylvania Press, Philadelphia, 2013, p. 95.

<sup>45</sup> Alphandéry, “Les croisades d’enfants”, pp. 277-278.

<sup>46</sup> Raedts, “The Children’s Crusade of 1212”, p. 305.

que proba que a expedición dos nenos se iniciou cunha procesión a favor da cruzada na Península Ibérica. Deixa entrever que esas procesións estiveron encabezadas por clérigos, mais logo foron os nenos os que tomaron o protagonismo<sup>47</sup>. As fontes máis empregadas como base foron os escritos de Alberic de Troisfontaines, Matthew Paris e Vincent de Beauvais. Estes autores xa engadiran elementos imaxinarios, polo que a Cruzada dos Nenos estivo completamente mitificada cara 1250.

Ditos cronistas tratan só a cruzada francesa. Alberic de Troisfontaines é quen realiza unha narración máis detallada tanto do desenvolvemento como do final. Respecto a Matthew Paris, foi un cronista inglés cuxo método se baseaba na recopilación e transcripción doutros textos. Algúns autores inciden na súa manipulación do relato, utilizando mal das fontes e os incluíndo numerosos erros. Transmitiu unha visión pexorativa desta expedición e argumentou o seu final defendendo que se afastaba do tradicional. Móstraa como unha moralexa do que acontece cando os xoves van en contra da orde establecida e desafían ós seus maiores e dirixentes<sup>48</sup>. Por outro lado, o *Speculum Historiale* de Vincent de Beauvais foi a fonte principal para escritos posteriores.

Peter Raedts dividiu as fontes en tres grupos<sup>49</sup>. O primeiro estaría constituído polas fontes contemporáneas, escritas cara 1220. Entre elas destaca a crónica de Sicardo de Cremona e a de Salimbene de Adam, probablemente unha copia da anterior. O segundo abarcaría as crónicas comprendidas entre 1220-1250. Os seus autores coñeceron a cruzada de primeira man, a pesar de non escribir sobre ela no momento. Atopamos aquí narracións máis detalladas, como son os *Annales Marbacenses* ou as crónicas de Albert de Stade, Alberic de Troisfontaines e Matthew Paris. Por último, estarían os escritos posteriores a 1250. Coñecerían esta cruzada de segunda ou terceira man, polo que non son tan fiables. A única excepción son os Anales de Speyer, pois crese que empregaron unha fonte contemporánea<sup>50</sup>. A utilidade destas crónicas reside en que mostran como a tradición da Cruzada se foi conformando e se mantivo ó longo do tempo. Atopamos aquí os escritos de Roger Bacon e Vincent de Beauvais. Tamén os Anales de San

---

<sup>47</sup> Dickson, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, pp. 93-94.

<sup>48</sup> Dickson, *The Children’s Crusade*, p. 151.

<sup>49</sup> Raedts, “The Children’s Crusade of 1212”, pp. 283-289.

<sup>50</sup> *Ibid.* p. 288.

Médard, que recollen anomalías animais como preludios da Cruzada de 1212. Nesta etapa contamos moita documentación procedente de Austria, onde destaca o *Chronicon rhythmicum Austriacum*, que narra a Cruzada dos Nenos en verso<sup>51</sup>.

Entre as crónicas do século XIV atópanse moitas copias directas dos textos do século XIII. Nalgunhas engadíronselles detalles falsos. Un exemplo atopámolo na crónica *Leobensis Chronicon*. Afirmar que os nenos foron vistos preto da illa de Patmos antes de desaparecer, o que non se recolle en ningunha outra obra. Segundo Dickson, trataríase dunha profecía apocalíptica<sup>52</sup>, dado o vínculo desta illa co fin dos tempos. Por outro lado, o século XIV foi importante para a difusión e pervivencia desta cruzada, a partir da tradución a linguas vernáculas do *Speculum Historiale* de Vincent de Beauvais. Este foi impreso xa no século XV. Ademais, prodúcese unha novidade historiográfica importante na obra de Bernard de Gui, quen escribe sobre a Cruzada dos Nenos no marco dun estudo sobre Inocencio III, empregando como fonte a Vincent de Beauvais.

A finais da Idade Media continuamos atopando nas crónicas comentarios acerca da Cruzada dos Nenos. Unha delas foi o *Scotichronicon* de Walter Bower (década de 1440), baseada tamén en Vincent de Beauvais pero diferindo del en certos aspectos<sup>53</sup>. Un deles foi que o fracaso da cruzada, segundo Bower, debeuse a que ninguén quixo levar ós nenos a Terra Santa. Outro foi a súa visión desta cruzada como un símbolo de esperanza. Tamén atopamos o *Fasciculus Temporum* de Werner Rolewinck (1474), unha crónica universal que comeza con Adán e remata na época do autor. Nela, dátase a Cruzada dos Nenos en 1204 e vincúlase coa Cruzada dos Pastores<sup>54</sup>.

Xa no século XVI atopamos dúas obras que tratan unicamente a cruzada alemá. Unha é *De bello sacro continuata historia* (1549), de Johannes Basilius Herold<sup>55</sup>. Engade detalles que non recolle ningunha outra obra, como o feito de que as nenas da cruzada se disfrazasen de homes ou que todos os participantes pertencían á nobreza. Isto último parece remitir á obra de James de Varagine, quen fala de que algúns dos nenos

---

<sup>51</sup> *Ibid.* p. 287.

<sup>52</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, pp. 161-162.

<sup>53</sup> *Ibid.* pp. 162-163.

<sup>54</sup> *Ibid.* p. 163.

<sup>55</sup> *Ibid.* pp. 165-166.

eran de orixe nobre. Pero esta non é unha das fontes que recolle Herold. A outra é a de Pietro Bizarri<sup>56</sup>, centrándose na presenza dos cruzados en Génova. Baseouse na crónica de James de Varagine. Engade novos detalles, como que moitos deles quedaron en Génova e serían os ancestros dalgunhas das familias xenovesas máis poderosas do momento. Outra nova incorporación foi que os nenos crían que poderían cruzar o Mediterráneo ata Terra Santa porque a sequía tería tan grave que secaría o mar.

No 1639 publicouse *The History of the Holy War*, de Thomas Fuller, clérigo anglicano inglés. Baseouse na crónica de Matthew Paris<sup>57</sup>, pero distanciouuse dalgunhas das súas afirmacións<sup>58</sup>, como que a cruzada tivo orixe diabólica. No século XVII atopamos tamén *Histoire des croisades* (1675-1676), do xesuíta francés Louis Maimbourg. Intenta eliminar os detalles lendarios da crónica de Alberic de Troisfontaines. Ademais, incorpora unha destacada novidade historiográfica, pois é o primeiro que defende que se orixinou como consecuencia dos intentos de Inocencio III de promover a Quinta Cruzada<sup>59</sup>.

### 2.3. A escritura da Cruzada na Ilustración e Idade Contemporánea

No que respecta á Ilustración, predominou unha visión negativa das cruzadas, considerando que eran causadas por fanatismo, non por idealismo<sup>60</sup>. Neste contexto destaca *Éléments de l'histoire de France* (1768) de Claude Millot. É unha das primeiras historias nacionais francesas que tratan esta cruzada<sup>61</sup>. Afirmar que os máis de 50 000 participantes eran guiados por clérigos<sup>62</sup>. Cambia así a narrativa, defendendo que os clérigos non se opoñían a esta cruzada, senón que manipulaban o entusiasmo colectivo no seu beneficio<sup>63</sup>. Esta perspectiva negativa cambia a partir da expedición de Napoleón a Exipto en 1798-1799. Entón xorde un interese polo mundo oriental e, con el, polas cruzadas.

---

<sup>56</sup> *Ibid.* p. 166.

<sup>57</sup> Fuller, Thomas, *The History of the Holy War*, W. Pickering, Londres, 1840, p. 160.

<sup>58</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, pp. 167-168.

<sup>59</sup> Maimbourg, Louis, *Histoire des croisades*, París, 1680, pp. 288-289.

<sup>60</sup> Flori, *Las cruzadas*, pp. 93-94.

<sup>61</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, p. 172.

<sup>62</sup> Millot, Claude, *Éléments de l'histoire de France, depuis Clovis jusqu'à Louis XV*, París, 1768, p. 210.

<sup>63</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, p. 172.

No romanticismo atopamos dúas obras principais, que resaltan a excepcionalidade desta cruzada. A primeira é a *Histoire des Croisades* de Joseph-François Michaud (1811-1822). Fala dunha multitude de 50 000 nenos que crían que a sequía permitiría cruzar o Mediterráneo<sup>64</sup>. A outra obra é o ensaio “Lettre à M. Michaud sur la croisade d’enfans de 1212” do orientalista Amable Jourdain. Este négase a rexeitar as crónicas do século XIII, a pesar dos engadidos lendarios, sen realizarse antes un exame delas.

Na Alemania do século XIX destaca a *Historia de las Cruzadas* de Friedrich Wilken. Afirmar que esta cruzada, orixinada en Francia e estendida despois por Alemania, orixinouse coas predicacións e procesións promovidas polo papa para combater a difícil situación de Xerusalén<sup>65</sup>. Atopamos tamén a Justus Friedrich Karl Hecker, médico e historiador de medicina. Para el<sup>66</sup>, as emocións relixiosas derivaban nun entusiasmo colectivo que se podería considerar como trastornos nerviosos, chegando a chamar a estes movementos “enfermidades epidémicas”. No caso da Cruzada de 1212, a situación de Xerusalén provocou unha “intoxicación relixiosa” que afectou sobre todo ós nenos a causa da sensibilidade do seu sistema nervioso.

Comezouse a traballar así dende novas perspectivas. Entre elas atopamos a de Charles Mackay en *Extraordinary Popular Delusions and the Madness of Crowds* (1841). Defende que a orixe das cruzadas reside na loucura causada por motivos políticos ou relixiosos<sup>67</sup>. A Cruzada dos Nenos sería un exemplo ó estar promovida, segundo el, por dous clérigos<sup>68</sup>. En relación con esta afirmación atopamos a Johann Sporschil. Argumentaba a intervención do clero baseándose na carta destinada ó rei, pois os eclesiásticos eran das poucas persoas que sabían ler e escribir nese contexto<sup>69</sup>. No século XIX tamén destaca *History of the Crusades* (1877), de William E. Dutton, que narra a cruzada sen diferenciar o movemento francés e o alemán<sup>70</sup>.

---

<sup>64</sup> Michaud, Joseph, *Histoire des croisades*, Vol. IV, París, 1826, pp. 380-381.

<sup>65</sup> Dickson, *The Children’s Crusade*, pp. 176-177.

<sup>66</sup> *Ibid.* pp. 177-178.

<sup>67</sup> Mackay, *Extraordinary Popular Delusions and the Madness of Crowds*, p. 354.

<sup>68</sup> *Ibid.* p. 439.

<sup>69</sup> Dickson, *The Children’s Crusade*, p. 178.

<sup>70</sup> Dutton, William, *A History of the Crusades*, Londres, 1877, pp. 218-220.

O que observamos ata agora son breves mencións da Cruzada dos Nenos en obras xenéricas. Isto cambia a partir da publicación de *The Children's Crusade: An Episode of the Thirteenth Century* (1870), do clérigo protestante George Zabriskie Gray. É o primeiro que escribe unha obra centrada na Cruzada dos Nenos. A pesar disto, contou con numerosos críticos, como Munro ou Hansbery, aínda que serviu tamén de base para historiadores como Runciman. Conta cun carácter máis ben literario, pois engade descrições de lugares, escenas, e mesmo pensamentos e inquietudes dos participantes na cruzada, que proceden da súa imaxinación. Ademais, o seu carácter anticatólico móstrase ó longo da obra, ó afirmar que foi planeada polo papa Inocencio III. Tamén declara que o home que Étienne atopou en realidade un sacerdote disfrazado, que intentou aproveitar o entusiasmo do neno para iniciar unha nova cruzada. A proba sería que ninguén de Cloyes podería escribir a carta agás un eclesiástico.

A partir de entón atopamos obras máis específicas, como a de Gaston De Janssens, “Étienne de Cloyes et les croisades d'enfants au XIII siècle” (1891). É a primeira vez que se fala da conflictividade entre laicos e eclesiásticos con motivo das diferentes posturas sobre esta cruzada, máis en concreto o caso de Saint-Quentin. Trata tamén a problemática da cronoloxía, expoñendo as distintas datas que aparecen nas crónicas e buscando os argumentos que o leven á correcta. Aínda así, continúan as mencións da Cruzada dos Nenos en obras máis xenéricas. É o caso de *The Age of the Crusades* (1897), de James M. Ludlow. Explica que a verdadeira orixe reside nos intentos dos adultos por usar ós nenos para obter caridade polos lugares que percorrían<sup>71</sup>.

Dende o século XX increméntanse as obras específicas sobre esta Cruzada, ademais de breves mencións como a obra de William Stevenson (1907). Nesta alúdese á Cruzada dos Nenos como mostra de que a causa relixiosa tiña un forte impacto na poboación<sup>72</sup>. Tamén *The Outline of History* (1920), de H.G. Wells, que conseguiu que esta cruzada permanecese na memoria popular angloamericana<sup>73</sup>. Un dos estudos máis importantes foi o de Dana Munro, “The Children's Crusade” (1914). Analiza diferentes aspectos da

---

<sup>71</sup> Ludlow, James, *The age of the crusades*, Scribner's, Nueva York, 1910, pp. 299-300.

<sup>72</sup> Stevenson, William, *The Crusaders in the East. A brief History of the Wars of Islam with the Latins in Syria during the XII and XIII centuries*, Cambridge University Press, Cambridge, 1907, p. 301.

<sup>73</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, pp. 187-188.

narrativa que perdurou da Cruzada dos Nenos. Con esta finalidade, estudou a fiabilidade das crónicas e os relatos máis fantásticos cos que se explicou a súa orixe. Outro dos autores máis destacados foi Paul Alphandéry, quen publicou “Les croisades d’enfants” en 1916. Engade perspectivas novidosas, como o vínculo co culto ós Santos Inocentes ou a importancia das procesións promovidas por Inocencio III. Os estudos de Alphandéry foron recollidos despois da súa morte en *La Cristiandad y el concepto de Cruzada* (1959-1962), composta por Alphonse Dupront. Atopamos tamén estudos de Joseph Hansbery (1938), Norman Zacour (1969) ou Hans Mayer. No caso da xa mencionada obra de Runciman, cunha importante influencia de Gray<sup>74</sup>, emprégase a catástrofe que supuxo a Cruzada dos Nenos como medio para denunciar as cruzadas. Por outro lado, en *En pos del Milenio* (1972) de Norman Cohn, deféndese o carácter escatolóxico. A maioría destes autores tratan a Cruzada dos Nenos cun ton neutral. Non así Mijail Zaborov (1985), quen usa unha linguaxe moi despectiva cara os participantes.

Estes estudos máis concretos sobre a Cruzada dos Nenos, tanto do século XX como do XXI, buscan resolver distintas problemáticas como as relacionadas coa súa orixe e composición social. Tal é o caso de Peter Raedts (1977), quen nega que a cruzada estivese formada por nenos. Debate no que entrará Gary Dickson. Este é autor de *The Children’s Crusade. Medieval History, Modern Mythistory* (2008), un estudo moi detallado tanto sobre a cruzada como a súa historiografía. Neste período realizáronse estudos centrados en aspectos concretos, como o carácter litúrxico no de Christoph Maier (1997). Tamén o traballo de William MacLehose (2007) sobre a concepción da infancia nas crónicas medievais que recollen a Cruzada dos Nenos, centrándose máis na visión que teñen os cronistas que na propia cruzada. No caso do artigo “La croisade des petites gens”, de Severin Konin (2014), analízase o papel dos grupos marxidados, incluíndo os nenos e pobres, nas cruzadas que protagonizaron. Nos últimos anos atopamos unha preocupación por desmentir mitos das cruzadas, separando o real do lendario. É o caso de Christopher Tymernan, que como consecuencia entrou no debate de se a Cruzada dos Nenos é ou non unha cruzada. Outros exemplos son *Seven myths of*

---

<sup>74</sup> Sheffler, “Myths of Innocence: The making of the Children’s Crusade”, p. 97.

*the crusades* (2015), coordinada por Alfred Andrea e Andrew Holt, ou *The Middle Ages. Facts and fictions* (2019), de Winston Black. Ambas inclúen a Cruzada de 1212.

Máis alá de como se escribiu sobre a Cruzada dos Nenos, podemos observar como perviviu na memoria popular e se empregou como analoxía respecto a movementos posteriores. Temos que ter en conta que esta cruzada non foi estudada dende unha perspectiva nacional, senón que o seu significado se universalizou<sup>75</sup>. O caso máis representativo atopámolo nos movementos xuvenís da década de 1960 e principios da de 1970, especialmente polos dereitos civís e contra a guerra de Vietnam en Estados Unidos. Chegaron a ser denominados “cruzada de nenos”. Foi difundida así unha comparativa entre os xoves idealistas estadounidenses e os nenos cruzados de 1212. Nesta caracterización, tivo especial relevancia o senador Eugene McCarthy, que nos seus discursos de 1968 afirmaba que pretendía cruzar o Mar Vermello a pé xunto con quen quixese seguilo, nun dos seus numerosos paralelismos coa Cruzada de 1212. A prensa empregou a comparativa de que eses xoves idealistas fracasarían igual que os nenos da cruzada medieval. Estes paralelismos se estenderon a obras como *Kingdoms and Strongholds of the Crusaders* (1971), de Thomas Boase. Nela considérase que a Cruzada dos Nenos era semellante ó contexto deses movementos xuvenís, afirmando ademais que tiñan en común que a súa orixe residía na falta de actuación dos maiores<sup>76</sup>. Neste contexto, en 1972 reimprimiuse *The Children’s Crusade* de Gray a pesar de que fora rexeitada no mundo académico<sup>77</sup>. O prólogo foi escrito polo xornalista Thomas Powers, que resaltou o idealismo como nexo común entre os xoves estadounidenses e os nenos cruzados, pois loitaban por unha causa que consideraban xusta.

### **3. A Cruzada dos Nenos a través da literatura e prensa**

Por outro lado, dende o século XIX a Cruzada dos Nenos está moi presente na literatura. A continuación veremos algúns exemplos, todos eles da cruzada francesa, pois é esta a que predomina no ámbito literario. Non nos limitamos a obras dun único

---

<sup>75</sup> Dickson, *The Children’s Crusade*, p. 195.

<sup>76</sup> Boase, Thomas, *Kingdoms and Strongholds of the Crusaders*, The Bobbs-Merrill Company, Nueva York, 1971, p. 172.

<sup>77</sup> Sheffler, “Myths of Innocence: The making of the Children’s Crusade”, pp. 95-96.

país, puidendo así observar como esperta interese entre autores de diversas nacionalidades. A primeira obra á que faremos referencia é *Légendes des croisades*, de Jacques Collin de Plancy. Publicada no 1862, é unha recopilación de lendas relacionadas coas cruzadas. Entre elas dedica un breve capítulo que relata de forma moi xenérica a Cruzada dos Nenos francesa. No 1893 atopamos *La croisade des enfants* de Marcel Schwob, a novela por excelencia sobre esta cruzada. Non trata os seus inicios, pero si remata coa venta dos nenos como escravos. Nárraa a partir das reflexións de diversos personaxes, sexan os propios compoñentes da cruzada, persoas que os viron ou falaron con eles, así como dos papas Inocencio III e Gregorio IX, este último decidindo construír unha igrexa para a honra dos que naufragaron. O recurso de relatar o acontecemento a partir das reflexións dos protagonistas está tamén presente en *Las puertas del paraíso*, do escritor polaco Jerzy Andrzejewski, publicada no 1963. A diferenza da obra de Schwob, esta si comeza co propio xurdimento desta cruzada.

Na literatura son frecuentes as analoxías da Cruzada dos Nenos respecto a acontecementos posteriores. Destaca especialmente o paralelismo coas vítimas da Segunda Guerra Mundial. Un exemplo o poema *La cruzada de los niños* (1939) do alemán Bertolt Brecht. Nel nárrase como un grupo de nenos foxe tras a invasión de Polonia polos nazis. Non se limita ós nenos polacos, senón que trata a guerra como algo que afecta a todas as nacionalidades. No poema nárrase como os nenos buscan un lugar seguro, pero non se volve a saber deles. O paralelismo con esta guerra atópase tamén na novela *Matadero Cinco o la Cruzada de los Niños* (1969), do estadounidense Kurt Vonnegut. Ó comezo do libro expónse a idea de que moitos dos que loitaron na Segunda Guerra Mundial eran “nenos”, persoas xoves, non homes. Estes “nenos” morreron nunha guerra idealizada. Segundo o autor, existe certa idealización, sobre todo na literatura e no cine, do que é unha guerra. Isto fai que moitos dos combatentes morran pensando que loitan por un ideal, o que á súa vez provoca máis guerras. Segundo Gary Dickson, hai que analizar esta novela no seu contexto, pois estaría dirixida ós movementos xuvenís estadounidenses en oposición á guerra de Vietnam<sup>78</sup>.

---

<sup>78</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, p. 191.

A Cruzada dos Nenos continúa despertando interese na literatura do século XXI. Un exemplo é *La croisade des enfants*, do escritor alemán Peter Berling (2004). A diferenza das obras que vimos ata agora, esta comeza a cruzada polo final, cando os seus protagonistas son escravos e un deles narra o motivo que o levou a acharse nesa situación. En España atopamos a novela de Emilio Lara *Tiempos de esperanza* (2019), que narra a Cruzada dende que o rei Felipe II recibe a carta ata que a maioría dos nenos embarcan nun destino que se prevé fatídico. Trata tamén outros temas, como a súa vinculación coa cruzada na Península Ibérica ou a corrupción da curia romana. Menciona ademais a lenda do flautista de Hamelín en alusión á súa posible relación con esta cruzada. Por último, atopamos a Cruzada dos Nenos tamén na literatura infantil, sendo o principal exemplo *El barco de los niños* de Mario Vargas Llosa (2014). Neste conto ambientado na actualidade, un ancián narra esta expedición a un neno, sendo en realidade un dos seus participantes.

Por outro lado, a Cruzada dos Nenos está moi presente na prensa actual e nas revistas de divulgación destinadas a un público máis amplo, non académico. Comezando pola prensa, igual que a literatura podemos atopar analoxías con outros acontecementos históricos. En ocasións empréganse estas comparativas como medio de denuncia, como é o caso do artigo “Conflict Near the Ho Chi Minh Trail is Often a Children’s Crusade”, publicado por Henry Kamm no *New York Times* do 9 de marzo de 1970<sup>79</sup>. Escrito no contexto da guerra de Vietnam, denuncia a situación do sendeiro Ho Chi Minh Trail, no que se utilizaban nenos-soldado voluntarios para a contienda.

Os artigos nos que nos baseamos datan entre o 2018 e o 2025. Isto mostra que este tema segue despertando interese na actualidade, tanto no ámbito español como noutros países. Empezando polos artigos xornalísticos, a maioría proceden de *El Debate*, *ABC Historia* ou *La Vanguardia*. Todos fan un relato en maior ou menor medida detallado, e con frecuencia podemos atopar mencións á súa relación coa lenda do flautista de Hamelín, máis coñecida no ámbito popular. Algúns fan referencia a debates que aínda

---

<sup>79</sup> Kamm, Henry, “Conflict Near the Ho Chi Minh Trail is Often a Children’s Crusade”, *New York Times*, 9 marzo 1970, p. 3 <<https://www.nytimes.com/1970/03/09/archives/conflict-near-the-ho-chi-minh-trail-is-often-a-childrens-crusade.html>>, [consulta 11 de decembro de 2024]

ocupan ós historiadores, pero sen entrar en profundidade. Un dos máis recorrentes é se estaba ou non composta por nenos, presente nos artigos “La realidad de la cruzada de los niños para conquistar Jerusalén de 1212”, de Fernando Prado e publicado en *El Debate*<sup>80</sup>, e “La extraña Cruzada de los Niños para conquistar Jerusalén que acabó en tragedia”, de César Cervera no *ABC Historia*<sup>81</sup>. Outro dos debates ós que se fai referencia é se foi ou non unha cruzada, mención presente no artigo de Isabela Herranz “¿De verdad participaron niños en las cruzadas?”, publicado en *La Vanguardia*<sup>82</sup>. Tamén atopamos exemplos que afirman que este movemento se debeu en realidade a desprazamentos da poboación provocados pola difícil situación económica do campesiñado, como é o caso do xa mencionado artigo de César Cervera. Por outro lado, nalgúns casos referénciase a bibliografía á que se recorreu, o que pode ser interesante para observar que obras son as máis empregadas no ámbito non académico, por autores que non son historiadores, para estudar esta cruzada. En xeral, as máis repetidas son as de George Zabriskie Gray e Steven Runciman. Por último, cabe destacar que nalgúns destes artigos atopamos certas particularidades que non se localizan en obras que traten este tema. Dous exemplos son a confusión de Niza con Marsella e unha segunda aparición de Xesús ante Étienne, ambas recollidas no artigo de César Cervera.

No que respecta ás revistas de Historia orientadas a un público non académico, atopamos varios artigos entre o 2019 e 2025. Se ben non están exentas de relatos máis xenéricos e con poucos detalles, polo xeral son máis completos tanto no que se refire ós detalles da narración como á súa vinculación co contexto histórico. Son frecuentes mencións non só a autores que estudaron dito acontecemento, senón tamén ás crónicas principais, como a de Matthew Paris ou Alberic de Troisfontaines, e outras menos coñecidas, como a Crónica do Anónimo de Laon ou os Anales da abadía de Marbach, todas elas mencionadas no artigo de Enrique Meseguer “La Cruzada de los Niños”,

---

<sup>80</sup> Prado, Fernando, “La realidad de la cruzada de los niños para conquistar Jerusalén de 1212”, *El Debate*, 27 decembro 2023 < [https://www.eldebate.com/historia/20231227/realidad-cruzada-ninos-conquistar-jerusalen-1212\\_162283.html](https://www.eldebate.com/historia/20231227/realidad-cruzada-ninos-conquistar-jerusalen-1212_162283.html) > [consulta 15 de marzo de 2025]

<sup>81</sup> Cervera, César, “La extraña Cruzada de los Niños para conquistar Jerusalén que acabó en tragedia”, *ABC Historia*, 2 decembro 2018 <[https://www.abc.es/historia/abci-extrana-cruzada-ninos-para-conquistar-jerusalen-acabo-tragedia-201812020211\\_noticia.html#](https://www.abc.es/historia/abci-extrana-cruzada-ninos-para-conquistar-jerusalen-acabo-tragedia-201812020211_noticia.html#)> [consulta 15 de marzo de 2025]

<sup>82</sup> Herranz, Isabela, “¿De verdad participaron niños en las cruzadas?”, *La Vanguardia*, 31 decembro 2021 <<https://www.lavanguardia.com/historiayvida/edad-media/20191006/47796555829/de-verdad-participaron-ninos-en-las-cruzadas.html>> [consulta 15 marzo 2025]

publicado en *Historia National Geographic*<sup>83</sup>. Como acabamos de mencionar, vaise máis alá do simple relato ó situar o acontecemento no seu contexto. Máis concretamente, coas predicacións da cruzada albigense e a cruzada na Península Ibérica como orixe desta expedición de nenos, así como a súa utilización para predicar a Quinta Cruzada. Tamén atopamos unha mención a outras cruzadas populares no artigo “What was the Children's Crusade, and did it actually happen?”, de Emma Slattery Williams no *BBC History Revealed*<sup>84</sup>, onde se explica ademais que foron as cruzadas.

#### 4. A veracidade da Cruzada dos Nenos

Como puidemos observar ata agora, os diferentes debates historiográficos mostran unha falta de certeza sobre que foi real e que non na Cruzada dos Nenos. A proliferación de detalles fantásticos ou difíciles de crer leva a Dickson a considerala unha mitohistoria, isto é, unha narración máis ben lendaria pero que acontecería nun marco cronolóxico e xeográfico real<sup>85</sup>.

Numerosos autores debaten se realmente foi ou non unha cruzada. Esta discusión vai máis alá da base de que, ó non estar autorizada polo papa, non sería unha cruzada<sup>86</sup>. Segundo Winston Black<sup>87</sup>, a Cruzada dos Nenos tal e como se coñece non existiu, pois non hai evidencia dunha expedición de nenos que marchase a Terra Santa para loitar cos musulmáns. Aínda así, non nega a existencia dun movemento en 1212, pois é recollido por demasiadas crónicas como para que non sexa real. Outra cousa é que estea formado por nenos, feito que este autor nega, afirmando que se trata dun engadido posterior. Isto nos leva de novo ó debate sobre a composición social desta cruzada, explicado con anterioridade. Unha postura semellante á de Black é a de Dickson, quen encadra este acontecemento entre as migracións masivas urbanas medievais. Aínda que afectaría

---

<sup>83</sup> Meseguer, Enrique, “La Cruzada de los Niños”, *Historia National Geographic*, nº 188, 2019, pp. 89-99.

<sup>84</sup> Slattery Williams, Emma, “What was the Children's Crusade, and did it actually happen?”, *BBC History Revealed*, 4 xullo 2023 <<https://www.historyextra.com/period/medieval/childrens-crusade-france-germany-march-on-jerusalem-failure-was-it-real/>> [consulta 05 de febreiro de 2025]

<sup>85</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, p. 4.

<sup>86</sup> Dickson, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, p. 59.

<sup>87</sup> Black, Winston, *The Middle Ages. Facts and fictions*, ABC-CLIO, California, 2019, pp. 146-147.

sobre todo ó ámbito rural, polo que Dickson o cataloga como un movemento campesiño<sup>88</sup>.

Por outro lado, algúns autores consideran que si se podería considerar á expedición alemá unha cruzada, pero non á francesa. Esta tería un carácter máis ben procesional, e, segundo autores como Hans Mayer<sup>89</sup> ou Peter Raedts, non está claro que tivesen como obxectivo recuperar Xerusalén. Entre outras razóns porque, segundo algunhas crónicas, cando lles preguntaban ós participantes cara onde se dirixían eles non sabían responder. Raedts só conclúe que se realizaron procesións nalgunhas cidades francesas e houbo unha expedición ata Saint-Denis, afirmando que a lenda de que houbo unha Cruzada de Nenos francesa débese a Alberic de Troisfontaines<sup>90</sup>. Ademais, a maioría das versións coinciden en que regresaran ás súas casas tras a orde de Felipe II. O feito de que portasen símbolos de peregrinos, como cruces ou bastóns, puido facer que os considerasen cruzados<sup>91</sup>. O debate non está claro entre os propios historiadores, como se pode observar nas sucesivas obras de Christopher Tyerman, nas que vai cambiando de parecer. En *Fighting for Christendom. Holy War and the Crusades* (2004), defende que non hai evidencia de que a expedición dos nenos franceses tivese intención de chegar a Xerusalén<sup>92</sup>. Esta postura tamén a podemos atopar en *Las Cruzadas: realidad y mito* (2005), na que afirma que, pola contra, reclamaban unha reforma moral<sup>93</sup>. Mais en *God's War: A New History of the Crusades* (2006) dá un xiro para afirmar que o movemento francés si tiña intención de liberar Terra Santa<sup>94</sup>, versión que mantivo na súa obra posterior *The world of the crusades* (2019)<sup>95</sup>.

A base principal para non considerar ó movemento en conxunto ou á versión francesa unha cruzada é a abundancia de detalles que Dickson denomina

---

<sup>88</sup> Dickson, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, p. 57.

<sup>89</sup> Mayer, *Historia de las Cruzadas*, p. 287.

<sup>90</sup> Raedts, “The Children’s Crusade of 1212”, p. 293.

<sup>91</sup> Dickson, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, p. 59.

<sup>92</sup> Tyerman, Christopher, *Fighting for Christendom. Holy War and the Crusades*, Oxford University Press, Nueva York, 2004, pp. 65-66.

<sup>93</sup> Tyerman, Christopher, *Las Cruzadas: realidad y mito*, Crítica, Barcelona, 2005, p. 75.

<sup>94</sup> Tyerman, Christopher, *God’s War: A New History of the Crusades*, Penguin Books, Londres, 2006, p. 654.

<sup>95</sup> Tyerman, *The world of the crusades*, p. 258.

“mitohistóricos”. Os principais exemplos son as desorbitadas cifras dos seus compoñentes, que a maioría de crónicas sitúan entre 15 000 e 30 000, ou a crenza de que estivesen formadas exclusivamente por nenos, e lideradas por eles. Outro dos argumentos xira en torno á igrexa dos Novos Inocentes que o papa Gregorio IX mandou construír na illa de San Pietro, alí onde naufragaran dous dos barcos da expedición francesa. Non hai probas, nin materiais nin documentais, da existencia desta igrexa, máis alá do que se di da Cruzada dos Nenos. Isto é estraño sobre todo cando, en teoría, se converteu nun lugar de peregrinación durante séculos<sup>96</sup>. Ademais, nela mostraríanse ós peregrinos os corpos incorruptos dos nenos que afogaron, sendo esta unha demostración da súa santidad, igual que o culto ós Novos Inocentes. Outra das bases desta argumentación reside no número de clérigos que, segundo as crónicas, foron vendidos como escravos. A cantidade estimada nas crónicas é de oitocentos, unha alta cifra por moito que se afirmase que había clérigos entre os participantes da cruzada. Algúns autores xustificano afirmando que se trataba de monaguillos, de aí que aínda fosen etiquetados como nenos<sup>97</sup>.

Por outro lado, para rexeitar a consideración deste movemento como cruzada, a maioría de autores baséanse na abundancia de elementos lendarios. Os exemplos máis claros son os grupos de nenos da cruzada francesa que facían milagres e a Crónica de Saint Médard de Soissons. Nesta realízanse analoxías co mundo animal, que servirían como prelude para a Cruzada dos Nenos, entre elas a inusual migración de certas especies. Por outro lado, pódese rastrear a procedencia dalgúns detalles engadidos con posterioridade. Entre eles os escritos polo cronista James de Varagine (1295-1297). Afirma que os nenos alemáns que chegaron a Génova eran fillos de nobres. Dita idea transcendeu na historia desta cruzada, de maneira que algunhas importantes familias xenovesas consideraban que descendían destes cruzados alemáns nobres<sup>98</sup>. Outro é o suposto avistamento dos nenos na illa de Patmos, recollido na *Leobensis Chronicon* (mediados do século XIV). Dita visión sería unha profecía sobre a chegada da fin do

---

<sup>96</sup> Sheffler, “Myths of Innocence: The making of the Children’s Crusade”, p. 95.

<sup>97</sup> Alphanéry e Dupront, *La Cristiandad y el concepto de Cruzada*, p. 100.

<sup>98</sup> Dickson, *The Children’s Crusade*, p. 137.

mundo, dada a vinculación deste lugar con lendas apocalípticas<sup>99</sup>. Tamén hai que ter en conta os elementos propios da obra de George Zabriskie Gray, sobre todo porque a súa versión é unha das que máis transcendeu ata a actualidade.

A isto hai que engadir a lenda do flautista de Hamelín, cuxa orixe se cre que pode residir na Cruzada dos Nenos. Este conto, segundo a obra de Alphandéry e Dupront<sup>100</sup>, por un lado caracteriza esta cruzada como unha migración. Por outro, considéraa un rito de purificación, coa marcha repentina e procesional e a permanencia na montaña (segundo unha das versións, o flautista levou ós nenos ás montañas e logo non se volveu a saber deles). Podemos rastrear fragmentos desta lenda dende finais do século XIV, mais un dos primeiros escritos completos sobre ela sitúa ó flautista no 1284. Este escrito dataría entre o 1430-1450 e basearíase nun libro anterior, que hoxe non se coñece. Segundo esta versión, un home chegou a Hamelín o día de San Xoán e San Pedro, é dicir, o 26 de xuño, data que se encadra no marco cronolóxico do inicio desta cruzada. Afirma que, tocando a flauta, todos os nenos do pobo seguírono ata un lugar coñecido como Calvario ou Lugar das Decapitacións, onde desapareceron e ninguén volveu a saber deles aínda que as súas nais percorreron distintas cidades para atopalos. Estes feitos tamén a vinculan coa Cruzada dos Nenos. Outra versión da lenda di que chegou a Hamelín un home que empregou a maxia para facer que os nenos o seguisen. Estes desapareceron nas montañas, pero tempo despois apareceron no camiño que os cruzados empregaban para chegar a Terra Santa<sup>101</sup>. O tema do cazador de ratas sería un engadido do século XVI<sup>102</sup>, aínda que os anales de Rainier de Liège recollen unha epidemia de ratas no 1210<sup>103</sup>. No que respecta a estudos recentes sobre esta lenda, segundo Dickson, dita narración lendaria tería unha base histórica, que residiría na migración de xoves de Hamelín para asentarse no Leste a finais do século XIII, polo que nunca regresaron<sup>104</sup>. Esta hipótese tamén a vincula coa Cruzada dos Nenos.

---

<sup>99</sup> *Ibid.* pp. 161-162.

<sup>100</sup> Alphandéry e Dupront, *La Cristiandad y el concepto de Cruzada*, p. 96.

<sup>101</sup> Munro, "The Children's Crusade", p. 523.

<sup>102</sup> Dickson, *The Children's Crusade* 2008, pp. 141-142.

<sup>103</sup> Alphandéry e Dupront, *La Cristiandad y el concepto de Cruzada*, p. 96.

<sup>104</sup> *Ibid.* p. 142.

Por outro lado, atopamos algúns argumentos nos que os autores se basean para afirmar que este acontecemento si existiu e foi realmente unha cruzada. Un deles é a existencia de numerosas crónicas, tanto alemás e francesas como italianas, que rexistran o paso desta expedición. Algunhas mesmo mencionan o día no que pasou polo lugar: en Speyer o 25 de xullo, Piacenza o 20 de agosto e Génova o 25 de agosto. Tamén atopamos unha base real nalgúns dos personaxes, máis alá de reis e pontífices, aínda que a súa realidade non é a que se recolle na historia desta cruzada. É o caso dos mercaderes marseleses que traizoaron ós nenos, Hugo Ferreus e William Porcus. Sábese que existiron, pero non eran comerciantes. O primeiro era un axente do vizconde de Marsella no momento desta cruzada. O segundo, un capitán xenovés e almirante de Federico III. Fuxiu de Sicilia en 1221 tras perder o favor do emperador. Segundo Dickson, ningún dos dous foi aforcado nin hai evidencias de que se coñecesen<sup>105</sup>. Pola contra, Zacour considera que Alberic de Troisfontaines puido confundir a William Porcus con William de Posquères. Habería probas de que este último e Hugo Ferreus estiveron asociados na Terceira Cruzada, cando Marsella obtivo privilexios comerciais con Acre<sup>106</sup>. No que respecta ó argumento principal desta posición, reside na presenza desta cruzada nos rexistros papais. Non hai referencias na documentación que se coñece de Inocencio III, pero si na do seu sucesor, Honorio III (1216-1227). Del consérvase unha carta datada o 19 de agosto de 1220. Contén unha resposta oficial á petición dun individuo chamado Otto ou Otón. Este, nunha carta anterior, pedira a dispensa papal do seu voto de cruzada. Polo que di a carta do pontífice, Otto promulgou dito xuramento xunto a máis nenos.

A pesar de todos estes debates, pódese afirmar que a Cruzada dos Nenos converteuse nun símbolo do idealismo das cruzadas. Por moito que se intente averiguar que foi real e que non, os seus elementos lendarios constitúen unha base fundamental para entender a súa pervivencia ó longo dos séculos e a evolución da súa escritura e dos debates historiográficos que xerou. Como escribe Dickson<sup>107</sup>, a memoria social da Cruzada dos

---

<sup>105</sup> *Ibid.* p. 45.

<sup>106</sup> Zacour, Norman, "The Children's Crusade" en Hazard, Harry y Wolff, Robert Lee (ed.), *A History of the Crusades. Volume II: The later crusades, 1189-1311*, The University of Wisconsin Press, Madison, 1969, pp. 338-339.

<sup>107</sup> Dickson, *The Children's Crusade*, p. 15.

Nenos baseáse máis na súa mitohistoria que na súa historia, pois tamén esta mitohistoria se converteu en parte da historia desta cruzada.

## **Conclusiones**

Tras esta análise sobre a escritura da Cruzada dos Nenos, podemos observar varios aspectos a ter en conta á hora de estudar este acontecemento. En primeiro lugar, non podemos velo como un feito illado, sen ter en conta o contexto. Máis que ter en conta que estaba ocorrendo en Francia e Alemania nese momento, hai que encadrala na evolución da idea de cruzada, especialmente no que se refire ó xiro nos intereses da Igrexa. A cruzada pasa así de estar orientada só a recuperar Terra Santa, a servir como instrumento contra os inimigos do papado. Isto móstrase na cruzada albigense e na da Península Ibérica, ambas coetáneas á Cruzada dos Nenos. Vemos entón como, a pesar de que se estaban levando a cabo varias cruzadas, ningunha estaba destinada ó obxectivo primixenio. Os intereses da Igrexa vanse orientando máis ó terrenal, ó político. Enténdese así como entre os grupos baixos da sociedade xorde a idea de que son eles os elixidos para recuperar Terra Santa, sendo esta unha das explicacións máis aceptadas para explicar como se orixinou a Cruzada dos Nenos. Isto supón unha condena moral tanto á Igrexa como ós grupos poderosos, os supostos encargados para levar a cabo tal labor.

Atopamos así unha denuncia á Igrexa que será recorrente tanto no relato así como nos escritos posteriores desta Cruzada. Entre estes últimos destaca o anticatolicismo da obra de George Zabriskie Gray, que non dubida en empregar a catástrofe que esta expedición supuxo para criticar duramente á Igrexa. Mesmo nos relatos máis tradicionais podemos observar, por exemplo, como as autoridades eclesiásticas non intentan impedir a cruzada, como os clérigos envidiosos se negan axudar ós nenos ou como Inocencio III só mostra interese cara unha vez fracasada, para así convocar a Quinta Cruzada. Atopamos así unha condena da moral do clero e da súa maior preocupación cara a política que cara o espiritual.

Para entender a Cruzada dos Nenos non temos só que ter en conta este contexto, senón tamén a existencia de cultos que xa viñan de atrás, como o dos Santos Inocentes ou as procesións de penitentes. Isto fará que os nenos da Cruzada de 1212 sexan santificados e se convertan nun símbolo de inocencia e idealismo. Tamén das consecuencias imprevistas nas que pode desembocar a predicación e propaganda, ademais das propias guerras en si. Isto faina susceptible de ser empregada como unha analogía respecto a acontecementos posteriores, xeralmente contemporáneos. Sendo ademais vista como denuncia, especialmente no ámbito literario, das catástrofes provocadas polas guerras e como estas afectan á poboación máis vulnerable, que non estaba destinada a loitar nela. É tamén convertida nun instrumento ó servizo de mostrar como o idealismo pode cambiar unha difícil situación, como é o caso dos movementos polos dereitos civís en Estados Unidos. Serve tamén como proba de como medios como a predicación e propaganda pooden impactar fortemente sobre a poboación, aínda que sexa de xeito colateral ou que os grupos dirixentes non teñan a esta en conta.

Esta simboloxía fai que a Cruzada dos Nenos adquira un carácter universal, sen que interese que esperta estea limitado só a Francia e Alemania. Tampouco se perdeu este interese no pasado, como se pode observar a través da súa presenza tanto na literatura como prensa máis actuais. A información que recollen estes medios hai que observala con cautela, mais son útiles para dar a coñecer este acontecemento histórico entre un público máis amplo, afastado dos círculos académicos.

Para finalizar, no que respecta ó debates sobre se foi ou non unha cruzada, hai que ter en conta que non porque conteña numerosos elementos lendarios temos que negar que existise ou que fose unha cruzada. Algúns destes detalles están destinados a resaltar o carácter extraordinarios deste acontecemento, como acontece coas explicacións fantásticas sobre a súa orixe. Habería polo tanto que intentar separalos da realidade, aínda que ditos elementos están tan arraigados que probablemente nunca se saberá que parte da historia é certa e cal non.

## Bibliografía

Alphandéry, Paul, “Les croisades d’enfants”, *Revue de l’histoire des religions*, Vol. 73, 1916, pp. 259-282

Alphandéry, Paul e Dupront, Alphonse, *La Cristiandad y el concepto de Cruzada*, Unión Tipográfica, México, 1959-1962, 2 volumes

Bendriss, Ernest, “La trágica cruzada de los niños inocentes en la Edad Media”, *Historia National Geographic*, 3 setembre 2024 <[https://historia.nationalgeographic.com.es/a/tragica-cruzada-ninos-inocentes-edad-media\\_16012](https://historia.nationalgeographic.com.es/a/tragica-cruzada-ninos-inocentes-edad-media_16012)> [consulta 15 de marzo de 2025]

Black, Winston, *The Middle Ages. Facts and fictions*, ABC-CLIO, California, 2019

Bird, Jessalynn; Peters, Edward e Powel, James (ed.), *Crusade and Christendom: annotated documents in translation from Innocent III to the fall of Acre, 1187-1291*, University of Pennsylvania Press, Philadelphia, 2013

Boase, Thomas, *Kingdoms and Strongholds of the Crusaders*, The Bobbs-Merrill Company, Nueva York, 1971

Cervera, César, “La extraña Cruzada de los Niños para conquistar Jerusalén que acabó en tragedia”, *ABC Historia*, 2 decembre 2018 <[https://www.abc.es/historia/abci-extrana-cruzada-ninos-para-conquistar-jerusalen-acabo-tragedia-201812020211\\_noticia.html#](https://www.abc.es/historia/abci-extrana-cruzada-ninos-para-conquistar-jerusalen-acabo-tragedia-201812020211_noticia.html#)> [consulta 15 de marzo de 2025]

Cohn, Norman, *En pos del Milenio*, Alianza Editorial, Madrid, 1981

De Janssens, Gaston, “Étienne de Cloyes et les croisades d'enfants au XIII siècle”, *Bulletin de la Société dunoise*, Vol. 9, 1891, pp. 109-135

Dickson, Gary, “La genèse de la croisade des enfants (1212)”, *Bibliothèque de l'école des chartes*, Vol. 153, n°1, 1995, pp. 53-102

Dickson, Gary, *The Children's Crusade. Medieval History, Modern Mythistory*, Palgrave Macmillan, Hampshire, 2008

- Dutton, William, *A History of the Crusades*, Londres, 1877
- Flori, Jean, *Las cruzadas*, Universidad de Granada, Granada, 2010
- Fuller, Thomas, *The History of the Holy War*, W. Pickering, Londres, 1840
- Gray, George Zabriskie, *The Children's Crusade. An episode of the thirteenth century*, Hurd y Houghton, Boston, 1870
- Hansbery, Joseph, "The Children's Crusade", *The Catholic Historical Review*, Vol. 24, nº1, 1938, pp. 30-38
- Herranz, Isabela, "¿De verdad participaron niños en las cruzadas?", *La Vanguardia*, 31 diciembre 2021 <<https://www.lavanguardia.com/historiayvida/edad-media/20191006/47796555829/de-verdad-participaron-ninos-en-las-cruzadas.html>> [consulta 15 marzo 2025]
- Housley, Norman, *Fighting for the Cross. Crusading to the Holy Land*, Yale University Press, London, 2008
- Jiménez Tapia, Gonzalo, "La trágica Cruzada de 1212: cuando miles de niños peregrinaron para conquistar Tierra Santa", *El Debate*, 5 abril 2025, <[https://www.eldebate.com/historia/20250405/tragica-cruzada-1212-cuando-miles-ninos-peregrinaron-conquistar-terra-santa\\_285356.html](https://www.eldebate.com/historia/20250405/tragica-cruzada-1212-cuando-miles-ninos-peregrinaron-conquistar-terra-santa_285356.html)> [consulta 17 abril de 2025]
- Kamm, Henry, "Conflict Near the Ho Chi Minh Trail is Often a Children's Crusade", *New York Times*, 9 marzo 1970, p. 3 <<https://www.nytimes.com/1970/03/09/archives/conflict-near-the-ho-chi-minh-trail-is-often-a-childrens-crusade.html>>, [consulta 11 de diciembre de 2024]
- Konin, Severin, "La croisade des petites gens", *Revue Ivoirienne d'Histoire*, nº23, 2014, pp. 100-113
- Ludlow, James, *The age of the crusades*, Scribner's, Nueva York, 1910
- Mackay, Charles, *Extraordinary Popular Delusions and the Madness of Crowds*, L. C. Page&Company, Boston, 1852

MacLehose, William, *"A tender age": cultural anxieties over the child in the twelfth and thirteenth centuries*, Columbia University Press, Nueva York, 2007

Maier, Christoph, "Crisis, Liturgy and the Crusade in the Twelfth and Thirteenth Centuries", *Journal of Ecclesiastical History*, Vol. 48, n°4, 1997, pp. 628-657

Maimbourg, Louis, *Histoire des croisades*, París, 1680

Mayer, Hans, *Historia de las Cruzadas*, Istmo, Madrid, 2001

Meseguer, Enrique, "La Cruzada de los Niños", *Historia National Geographic*, n° 188, 2019, pp. 89-99

Michaud, Joseph, *Histoire des croisades*, Vol. IV, París, 1826

Millot, Claude, *Éléments de l'histoire de France, depuis Clovis jusqu'à Louis XV*, París, 1768

Munro, Dana, "The Children's Crusade", *The American Historical Review*, Vol. 19, n°3, 1914, pp. 516-524

Prado, Fernando, "La realidad de la cruzada de los niños para conquistar Jerusalén de 1212", *El Debate*, 27 diciembre 2023 <  
[https://www.eldebate.com/historia/20231227/realidad-cruzada-ninos-conquistar-jerusalen-1212\\_162283.html](https://www.eldebate.com/historia/20231227/realidad-cruzada-ninos-conquistar-jerusalen-1212_162283.html)> [consulta 15 de marzo de 2025]

Raedts, Peter, "The Children's Crusade of 1212", *Journal of Medieval History*, Vol. 3, n°14, 1977, pp. 279-323

Runciman, Steven, *Historia de las cruzadas. Volumen III: El Reino de Acre y las últimas cruzadas*, Alianza, Madrid, 1999

Sheffler, David, "Myths of Innocence: The making of the Children's Crusade" en Andrea, Alfred e Holt, Andrew (eds.), *Seven myths of the crusades*, Hackett Publishing Company, Indiana, 2015, pp. 91-105

Slattery Williams, Emma, “What was the Children's Crusade, and did it actually happen?”, *BBC History Revealed*, 4 xullo 2023 <<https://www.historyextra.com/period/medieval/childrens-crusade-france-germany-march-on-jerusalem-failure-was-it-real/>> [consulta 05 de febreiro de 2025]

Stevenson, William, *The Crusaders in the East. A brief History of the Wars of Islam with the Latins in Syria during the XII and XIII centuries*, Cambridge University Press, Cambridge, 1907

Tyerman, Christopher, *Fighting for Christendom. Holy War and the Crusades*, Orxford University Press, Nueva York, 2004

Tyerman, Christopher, *Las Cruzadas: realidad y mito*, Crítica, Barcelona, 2005

Tyerman, Christopher, *God's War: A New History of the Crusades*, Penguin Books, Londres, 2006

Tyerman, Christopher, *The world of the crusades*, Yale University Press, 2019

Wells, Herbert, *The outline of history*, Cassell and Company, Londres, 1951

Zaborov, Mijail, *Historia de las cruzadas*, Akal, Madrid, 1985

Zacour, Norman, “The Chidren's Crusade” en Hazard, Harry y Wolff, Robert Lee (ed.), *A History of the Crusades. Volume II: The later crusades, 1189-1311*, The University of Wisconsin Press, Madison, 1969, pp. 325-342

## Anexos

Figura 1. *Croisade des Enfants*, de Gustave Doré. Pertencente á edición de 1879 de *Histoire des Croisades* Joseph-François Michaud. Fonte: Dickson, Gary, *The Children's Crusade. Medieval History, Modern Mythistory*, Palgrave Macmillan, Hampshire, 2008, p. 12.



Figura 2. Retrato de Étienne de Cloyes (renomeado) na capela de Notre-Dame d'Yron, Cloyes. Fonte: Dickson, Gary, *The Children's Crusade. Medieval History, Modern Mythistory*, Palgrave Macmillan, Hampshire, 2008, p. 68



Figura 3. Representación de Étienne de Cloyes recrutando ós participantes da Cruzada na obra *The Crusaders: A Story of the War for the Holy Sepulchre* (1905) de A.J. Church. Fonte: Dickson, Gary, *The Children's Crusade. Medieval History, Modern Mythistory*, Palgrave Macmillan, Hampshire, 2008, p. 183.

